



Presentación do proxecto

1	Finalidade do proxecto	2
2	Obxecto da presentación	3
3	Características da presentación	4



1 FINALIDADE DO PROXECTO

Un proxecto é un instrumento que ten como finalidade contribuír á produción de bens e/ou á prestación de servizos, mediante os que se deben ver satisfeitas necesidades humanas, individual ou colectivamente consideradas.

Por outra parte, a produción de tales bens ou a prestación dos citados servizos debe realizarse mediante a mellor combinación posible dos recursos dispoñibles e nunhas coordenadas espaciais e temporais definidas, fora das cales o proxecto carecería de sentido.

Dende este punto de vista, a idea do proxecto xurde ante a dificultade de satisfacer unhas determinadas necesidades, sentidas por un grupo de persoas, nun momento dado, e nun lugar fisicamente definido; polo que compre cualificar a dita realidade existente como problemática, dada a súa incapacidade de producir bens ou servizos que se precisan, debendo ser superada por medio do proxecto.

A primeira etapa é esa identificación da idea ou ideas do proxecto. Esta é a primeira, e ó meso tempo, a desencadéante de todo o complexo proceso de estudio, creación, deseño, elaboración, asignación de recursos, avaliación, etc. que é necesario en todo proxecto.

Sen embargo, para que o proceso sexa completo, non é suficiente con unha mera sensación de carencia por parte da persoa, grupo de persoas ou entidade que a detecta, senón que require a existencia dunha vontade positiva de superala, materializada nunha decisión, na que queden explicitados ó técnico proxectista os obxectivos concretos que pretenden acadarse co proxecto, as condicións que limitan o logro deste e os criterios de valor que sustentan os promotores e que é preciso ter en conta no proceso de toma de decisións, tanto de carácter técnico como económico.

O proxecto realizado pode ter distintos caracteres:

a) Proxecto facultativo

Sería o caso dun proxecto, destinado á obtención de licencias, permisos, etc. así como para a execución dunha construción ou instalación. Este tipo de proxectos debe ter un recoñecemento oficial, dado, normalmente, polos colexios profesionais, en forma de visado. Este proxecto ten unha morfoloxía definida, así como unhas normas para a súa elaboración, que regulan, dende o contido mínimo, ata a súas características de redacción.

En función do tipo de proxecto, requirirase un facultativo diferente. A modo de exemplo, enuméranse parte das competencias de algúns facultativos:

- Arquitectos: proxectos de obras de edificacións destinadas a vivendas ou usos públicos
- Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos: proxectos de obras civís, como estradas, pontes, etc.
- Enxeñeiro Industrial: proxecto de industrias en xeral, como téxtiles, químicas, etc. Proxectos de instalacións eléctricas.
- Enxeñeiro Agrónomo: proxecto de industrias agroalimentarias, vivendas do medio rural, camiños rurais, explotacións agrícolas e gandeiras, concentracións parcelarias, etc.
- Enxeñeiro de Montes: proxecto de industrias forestais, papeleiras, etc. Vías forestais, repoboacións, etc.

As competencias de cada facultativo non están ben definidas polos colexios profesionais, e isto fai que moitas veces entren en conflito facultativos distintos por un mesmo tipo de proxecto.

No caso das direccións das obras, no momento da execución, o normal é que se realicen polo mesmo facultativo, ou por titulados técnicos: Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Industrial, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico Forestal.



b) Proxecto non facultativo

Os proxectos non facultativos son os que se realizan a modo de estudio ou para obter unha determinada información. Sería o caso de algúns anteprojectos, así como dos proxectos de ampliación ou de implantación de novas liñas ou plantas de fabricación de industrias.

Estes proxectos están realizados por técnicos coñecedores dos materiais, procesos e técnicas necesarias para facelo. Non se require ningunha titulación académica específica, posto que o proxecto terá un carácter informativo, nunca será un documento visado por un colexio oficial.

Normalmente efectúanse este tipo de proxectos ou anteprojectos para estudar a viabilidade ou as distintas alternativas para un problema concreto.

2 OBJECTO DA PRESENTACIÓN

O proxecto non ten validez ningunha por si mesmo. Tal e como se pode supoñer, responde a unha necesidade, polo que o documento resultante, unha vez elaborado, debe comunicarse eficazmente ó promotor ou á dirección da empresa.

A presentación dun proxecto supón, polo xeral, elaborar unha presentación oral do mesmo. Non é necesario dicir que esta presentación ten grande importancia, debido, fundamentalmente, a que o proxecto é froito dun traballo longo e intenso no que se recolleu información, se procesou e se tomaron decisións para chegar á solución ou solucións do mesmo. Despois de ter finalizado o proxecto existen escasas probas tanxibles dos recursos, como tempo, diñeiro e esforzos, que se dedicaron ó proxecto en cuestión.

Polo tanto, a presentación do proxecto ten o obxecto de reflectir todo o traballo que foi realizado para solucionar o problema que o orixinou.

O técnico non debe de abrumar con cifras e datos técnicos extravagantes. En lugar deso, debe presentar os aspectos importantes que son útiles para a toma de decisións sobre a execución do proxecto. Os oíntes deben comprobar que o proxecto, ou anteprojecto, foi levado a cabo da forma apropiada, e que se teñen realizado tódalas análises necesarias.

A presentación non debe ser unha comunicación unidireccional. A miúdo, haberá persoas que saben mais acerca dos problemas que poden xurdir nun proxecto e das decisións que se deben tomar. En moitos casos, as solucións adoptadas poden ser modificadas de diferentes maneiras, e unha conversación bidireccional entre os técnicos e os oíntes (xerentes, xefes de planta, xefes de sección, etc.) axudará a detectar e solucionar distintos aspectos.

Ou ben, despois de ve-lo contido do proxecto, o xerente, ou as persoas que deban decidir sobre a execución do proxecto, poden ter preguntas adicionais, que deberán ser respondidas coa información dispoñible, ou mediante a redacción dun anexo complementario.

Por último, o promotor, ou o xerente é quen, en última instancia, debe decidir que acción suxire o proxecto. Os técnicos poden poñer-lo proxecto á disposición dos xerentes, ou ben anota-los cambios precisos e redactar un *anexo de modificacións*.



3 CARACTERÍSTICAS DA PRESENTACIÓN

Cada persoa ten o seu propio estilo e cada persoa explica as cousas dunha forma diferente; sen embargo, existen certos principios básicos a ter en conta, que axudan a realizar unha boa presentación oral:

a) Pensar no público

O promotor utilizará o proxecto para tomar decisións, polo que é el quen deben entende-lo proxecto. O ton e o contido da exposición deben se-los apropiados para o publico que vai a estar presente.

b) Comprensión dos resultados e extracción de conclusións

O proxecto é unha condensación de moita e moi variada información. Finalmente, no proxecto hai un resultado sobre a vialidade, técnicas, programación da produción, etc., polo que hai que comprende-lo significado dos resultados e ser capaz de expoñelos nunhas pinceladas.

c) Ser exhaustivo, aínda que conciso

Compre centrarse nos elementos fundamentais e prescindir de temas e datos irrelevantes.

d) Presentación gráfica da información

Unhas táboas e gráficos fáciles de entender permitirán unha mellor comprensión da presentación.